



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Nº Expediente:	2026/G016/000002
Data expediente:	21/08/2026
Obxecto:	Modificación núm. 2 da ordenanza fiscal da taxa por prestación do servizo de comedor escolar

Esta Alcaldía, conforme aos principios de boa regulación (necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia) previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, considera necesario que se proceda á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de comedor escolar, no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que corresponde ás entidades locais en virtude do disposto na normativa vixente, en concreto, no artigo 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-

Consta informe-proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de comedor escolar emitido pola Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar en data 14/09/2026.

Visto que foi emitido informe pola Secretaría en data 14/09/2026 referente ao procedemento a seguir e á Lexislación aplicable.

En virtude do que dispón o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local -LRBRL-, o órgano competente para a aprobación da imposición de tributos ou modificación das ordenanzas fiscais é o pleno do concello, sendo necesario que o acordo se adopte por maioría simple dos membros presentes, de conformidade co artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tendo en conta a tramitación para a imposición de tributos ou modificación das Ordenanzas Fiscais prevista nos artigos 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRFL-, elévase ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 2º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de comedor escolar, que quedaría redactado nos seguintes termos:

«Art. 2.– FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de comedor escolar municipal aos seus beneficiarios e beneficiarias mediante as comidas que no mesmo reciba o alumnado escolarizado no/s centros autorizados así como persoal docente e non docente dos mesmos.

«Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa os menús destinados ao persoal que, durante o horario do comedor escolar, desempeñe funcións efectivas de dirección ou responsabilidade do centro vinculadas ao funcionamento do comedor, así como de coordinación, atención, vixilancia,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

coidado ou asistencia do alumnado, sempre que a súa presenza durante a comida resulte necesaria para a correcta prestación do servizo e exclusivamente nos días de desempeño efectivo destas funcións.»

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de comedor escolar, que pasaría a denominarse “Normas de xestión e recadación” e quedaría redactado nos seguintes termos:

«Art. 6.– NORMAS DE XESTIÓN E RECADACIÓN.

A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais.

O pagamento da taxa realizarase mediante domiciliación bancaria, para o que as persoas obrigadas ao pagamento deberán facilitar ao Concello os datos bancarios correspondentes e autorizar expresamente o cargo dos recibos na conta designada.

O cargo das cotas correspondentes efectuarase na conta bancaria indicada pola persoa obrigada ao pagamento, de conformidade co calendario de cobro establecido polo Concello.

A devolución ou falta de pagamento dos recibos determinará a súa recadación de conformidade co establecido na normativa tributaria e recadatoria aplicable.

A prestación do servizo axustarase ao calendario escolar oficial correspondente ao curso escolar, e o seu horario determinarase en función das necesidades de escolarización e do propio horario escolar.

A alta, baixa ou modificación das circunstancias das persoas usuarias do servizo de comedor deberá ser comunicada ao Concello nos dez últimos días de cada mes para producir efectos no mes seguinte.»

TERCEIRO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica municipal.

CUARTO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Coirós, a luns 14 de setembro de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo